

Sra. Concelleira do Concello de Lugo e membros da Corporación Municipal.  
Sra. Deputada de Cultura da Deputación Provincial de Lugo.  
Sra. Vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.  
Sr Presidente da Real Academia Galega e Académicos/as.  
Parlamentarias do Parlamento de Galicia.  
Autoridades das institucións culturais sociais e políticas da Galiza.  
Amigas e amigos.

Querida Pilar.

Vimos de todos os lugares da nosa Nación neste xuño de ceos coas portas a se abriren xenerosas en cálidas cores, para celebrarmos a María Pilar García Negro no seu Lugo natal, como A Escritora na súa Terra.

Honrámonos de lle entregar a Letra E de escritora na súa cidade, que é un anaco fundador da súa máis íntima xeografía, lugar de onde parten todos os seus camiños existenciais e polos que a ela sempre retorna, pois os territorios da infancia son os territorios físicos e emocionais dos que nunca se parte.

Vimos para honrar tamén no nome de María Pilar a todas a cada unha das mulleres desta cidade, desta nosa Terra, que construíron anonimamente o futuro coas súas maos, cos froitos do seu pensamento, co seu soñar a realidade para buscar nela a luz entre tanta asfixiante sombra.

Dámoslle hoxe a Lugo para a súa biografía colectiva un nome e unha biografía de muller. Lugo é unha cidade que sempre amou os seus escritores e escritoras. Hoxe, unha escritora filla desta cidade vén recibir o recoñecemento das súas compañeiras e compañeiros das letras, acompañada por moitos e moitas das que partillades con ela algún dos moitos labores que desenvolveu e desenvolve na súa fértil biografía.

Dende a súa fundación a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega acolleu escritores e escritoras que desenvolven a súa obra en todos os xéneros literarios; mais vai para máis dunha década que asumimos como unha prioridade darlles máis peso a xéneros coma o ensaio ou xornalismo cultural, ou as novas formas de creación que os novos tempos e formatos demandaban. Mais tamén ao que unha realidade cultural e social coma a galega nos pide, tan precisada da restitución da súa verdade histórica, de reparación dun seu rostro desfigurado polo rostro verdadeiro, noso, no que recoñecermonos, tan inzado de nomes individuais ou colectivos que crearon anonimamente acontecementos históricos relevantes que descoñecemos e son o noso pasado.

No tempo da desinformación, por exceso de urxencia informativa do banal, que atordoa e enxordece as consciencias, os galegos seguimos a estar necesitados de traspasar esa delgada e durísima tona e seguir a converter o pasado en historia, e que esta poda ser narrada en primeira persoa. Engadindo a isto como unha necesidade inadiábel que as voces das mulleres galegas ocupen o xusto lugar que lles corresponde. Velaí o lugar do labor creador de María Pilar García Negro no tempo histórico que lle tocou vivir e que compartimos moitos e moitas nesta súa celebración.

Hoxe, por vez primeira, esta Asociación premia na condición de escritora de Pilar o ensaísmo, a investigación literaria, a sociolingüística; premiamos a comunicadora, a dinamizadora cultural. Tamén as súas colaboracións de artigos de opinión en prensa escrita ou audiovisual, que tanto achega á tan necesaria normalización cultural, cunha horizontalidade enriquecedora na transmisión do coñecemento, de partes fulcrais da nosa historia: verdadeiros alicerces do noso sistema literario.

O labor de María Pilar é coma quen procura o froito no eido da terra toda e sementa día a día a palabra que busca a normalidade liberadora sabéndose, como ela nos di, que é «unha peza dun mosaico que debe medrar». Un mosaico no que está reflectido o rostro en feminino desta terra.

Son moitas as achegas que a escritora e profesora de Universidade da Coruña, María Pilar García Negro, ten feito na súa longa e fértil traxectoria de traballo literario e sociocultural, for no asociacionismo cultural, for como conferenciante en canta plataforma social que teña algo de vida no noso país.

Os seus libros son o crisol onde se concreta o seu pensamento, que ela alimenta na súa análise tamén da propia acción cultural e social a rente da realidade.

Cos títulos dos seus libros podemos trazar a cartografía das súas preocupacións culturais e sociais coas que ela, co ollar atento e intelixente, foi trazando no mapa de Galiza as pegadas do que somos e soñamos ser. Os seus libros chámannos a saber ler o que fomos e somos, e fan acenos para podermos seguir os camiños da normalidade cultural, pois, citando o palestino Edward Said «É practicamente imposible mudar as cousas para calquera pobo e a súa cultura se non é a partir de feitos históricos e sociais coñecidos, nos que facer pé.»

Este é o caso da súa implicación infatigable na recuperación de figuras fulcrais coma Castelao ou Rosalía de Castro, para que a súa obra siga viva e actuante. Con achegas enriquecedoras sobre outras escritoras e escritores: María Mariño, Carvalho Calero, Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Eduardo Blanco Amor e outros contemporáneos que foron inzando os seus libros e as publicacións periódicas en galego.

María Pilar sempre foi unha activista cultural, social e política, dende o coñecemento da nosa realidade e as súas carencias de normalidade estrutural.

Esta Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que acolle escritoras e escritores que escriben en galego, con toda a pluralidade de pensamento e ideario, valora moi positivamente o activismo político da nosa escritora, nunha sociedade que cousifica de xeito reducionista e prexuízoso este indispensábel labor social, pois non esquecemos as súas achegas tamén como parlamentaria, onde teñen sido preocupación preferente no seu labor: a defensa dun ensino en galego, laico e público; políticas de igualdade e defensa os dereitos das mulleres; a necesaria política lingüística, coas súas achegas na defensa do estatus legal do noso idioma, sendo este o tema da súa tese de doutoramento; o galego e as leis; ou a defensa infatigable do noso patrimonio cultural, entre o que se conta o desta cidade de Lugo, en toda a súa riqueza de formas de expresión.

A defensa do noso idioma, non só como instrumento imprescindible de construción do noso sistema literario, tamén como o elemento totalizador do ser dos galegos na defensa do noso dereito a vivirmos en galego, fai que o seu labor parlamentar estea no ronsel de Ramón Vilar Ponte ou de Castelao, cuxa obra ela ten estudado.

É Castelao un dos piares nos que se sustenta o seu pensamento cultural, social e político. Achegándonos nos seus estudos e libros a visión completa, complexa e rica do escritor, do pensador, do pintor, do debuxante humorista e caricaturista, coñecedor coma poucos da alma galega. Podemos dicir de María Pilar García Negro o que ela di de Castelao, por ter o desexo de lle facer ocupar á Galiza o seu lugar no mundo, por dignificala cara a dentro e cara a fóra. En palabras de don Ricardo Carvalho Calero, Castelao ten trazado o poema da vida popular do seu tempo, e pode dicirse que ningún aspecto esencial da mesma ten escapado á súa atención; chamándonos María Pilar a ollarmos lugar que ocupa na obra de Castelao a presenza das mulleres máis populares, e a de todos os desposuídos desta terra.

Recoñecemos hoxe aquí a defensora desta Asociación dende a súa fundación, como unha forma máis de autoorganización das capacidades creativas desta Terra, do colectivo de homes e mulleres que fan o relato do día a día co que construímos o noso tempo histórico en primeira persoa. Ela é parte deste colectivo dende a súa fundación, colectivo necesario para poder crear as narracións alternativas á historia que nos foi negada.

Do extenso ronsel de títulos de María Pilar García Negro collo un que, creo, concreta en texto a escrita do seu pensamento, que alenta a súa acción cultural e social. *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: Ensaio e feminismo*, cun subtítulo esclarecedor: o nacemento da conciencia de xénero ao tempo que nace o ensaio contemporáneo da mao de Rosalía.

Sempre penso na fortuna de ser ela, Rosalía, unha muller, a creadora da nosa contemporaneidade literaria. Lembrei isto relendo a poeta irlandesa da miña xeración, Eavan Boland, ao nos falar de como ela se cruzou coa súa herdanza poética na que a muller era máis obxecto que suxeito, e á que ela lle tivo que engadir, para sentir que formaba parte dela, a súa condición de muller e a necesidade da idea da nación. Isto xa nolo deu feito Rosalía, o que no fondo significou facer unha literatura viable para toda a nosa contemporaneidade futura.

O eu interior de cada escritor, de cada escritora, é unha elección ética, e isto dálle un mandato á súa conciencia que dun xeito profundo sempre emerxe na súa escrita creadora. Esta elección ética, determinará a súa honestidade intelectual, que é un río alimentado das moitas fontes. Castelao e Rosalía son fontes principais que determinan a obra de María Pilar García Negro.

A obra de Rosalía non só pode soportar o peso de toda a nación tamén é capaz de soportar o paso do tempo que tanta obra reduce a humilde cinza. Decía a escritora Hélia Correia que «Camoës é para mim uma figura grande, uma referência à que sempre volto mais não me acompanha.»

Que Rosalía de Castro sexa unha escritora, unha poeta, unha pensadora que nos acompañe, é un labor sempre inacabado. Labor no que Pilar está a empeñar o seu saber e moito seu tempo vital, ao nos dar nos seus libros motivos para a nosa poeta nos acompañar non só na construción deste presente, tamén achegándonos a cosmovisión da poeta coa que ollar o mundo.

Ao tempo que foron madurecendo as miñas lecturas de Rosalía foi madurecendo a amizade e o afecto persoal con Pilar, ao partillarmos con ela grande parte os traballos e os días da súa biografía persoal. Podería facer un paralelismo entre as dúas. Dende aquela Rosalía que lin por vez primeira e que foi deitando en min capas sedimentarias de coñecemento e de emoción, coma os grandes clásicos universais, á Rosalía que hoxe podemos ler na nosa madurez, acompañounos na nosa evolución humana por atoparmos na súa obra aquilo que fomos necesitando segundo nos acolleu o paso dos anos e irmos precisando doutros alimentos do espírito, que nos diría Otero Pedrayo.

Sinceramente creo que o ADN intelectual de María Pilar está na visión que ela mesma nos dá de Rosalía de Castro:

*Ela dálle unha volta completa á épica tradicional de heroe individual masculino, cuase divino e redentor das masas: o suxeito é colectivo; o protagonismo, feminino; as clases sociais dignificadas son as traballadoras e con preferencia pola maioría social feminina.*

Desta estirpe vén María Pilar García Negro. E mais, se ela mo permite -e a súa irmá María do Carme García Negro- pois elas veñen de quen hoxe quixera recordar, da da súa nai, Dona Maruxa Negro, a quen tiven a fortuna de coñecer e que nos deu aos amigos e compañeiros da súa filla a súa tenra sabedoría, a cálida afouteza coa que nos ensinou que hai que vivir moita vida para poder extraer tan só unha presuña de experiencia que levar na palma da mao, e que será a nosa guía para non nos perder cando atoutiñemos polos camiños da realidade tan hostil.

E para finalizar esta introdución á laudatio da profesora Carme Fernández Perez-Sanjulián, só dicir que hoxe hai lugares e faceres sociais que o pensamento e a práctica feminista xa conquistaron -aínda abrumadoramente insuficientes-, mais que a finais dos setenta e comezo dos oitenta eran só un rascuño desdebuxado sobre a nosa realidade. O feminismo liberador de María Pilar, que habita toda a súa obra e o seu pensamento creador, é coñecido por todos e todas e cada unha de vós e, se me permitides, que eu levo vivido dende a proximidade da amizade e do común labor cultural. Ela, no día a día -permíteme, Pilar- axudoume a aprender o duro oficio de desaprender todo o que mesmo habita a propia linguaxe, o que aniña nas capas profundas do inconsciente e que contén sutís concepcións fillas do patriarcado, cuxo camiño é preciso desandar para poder andalo de novo, non como home senón como ser humano.

Construtoras dos territorios da esperanza, grazas a escritoras coma María Pilar García Negro, un día non moi lonxincuo, Galiza poderá chegar a determinar o seu futuro.

*Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
Salón de plenos do Concello de Lugo  
10 de xuño de 2017*

Adenda

A Letra E é un traballo da escultora luguesa Mónica Alonso, investigadora da cor e das formas que ten o ser humano como centro de gravidade ao habitar os territorios do íntimo e do colectivo. Mónica Alonso ten obra nas coleccións máis importantes que existen na Galiza e en lugares de referencia internacionais.

Sería longo falar dos seus proxectos xa realizados e dos procesos poéticos nos que a escultura, a arquitectura e a psicoloxía van de maos dadas na investigación dos espazos da ledicia e da dor do ser humano. Citamos dous: o de intervención cromática no centro de día de Maceda, ou a escultura na Fonte da Cova, no Roteiro de Fiz Vergara Vilariño, en Lóuzara.

A Letra E que entregamos a María Pilar García Negro é cabeceiro, pés do leito e está impresa na sobrecama nunha intención barroca. Dinos a creadora:

*O leito é o moble que máis abraza o corpo humano. Saímos do ventre materno e pasamos a un berce; o tamaño do berce medra co corpo ata chegar ao leito da idade adulta. Todos temos o noso leito, e el acompáñanos até o fin dos nosos días.*

O berce dunha persoa fala da súa lugar de orixe e refire a primeira infancia dende o nacemento. O leito que hoxe se presenta recolle todo este proceso. É un berce con balancín: a orixe queda para sempre. É o fermoso leito adulto na que a escritora é sometida ao subconsciente e pode ser lugar de ler ou escribir (poderíamos citar os casos de Proust e Clarice Lispector). É o lugar da enfermidade e do sometemento do tempo. O cobertor, que ten gravadas as letras E , arróupanos con cálida mao en cada un dos momentos que nos tocan, cando fóra vai frío na vida.

Este leito é da cor amarela, a cor do sol, da ledicia, pero tamén a cor das dores da razón, neste caso creativa. O amarelo é a cor de potenciación do intelecto.